

PABLO QUINTÁ GARCÍA

Monterroso (1967)

É licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela (1986-1991).

A súa traxectoria profesional estivo sempre ligada ó mundo do ensino, ben como profesor de Lingua Galega e Literatura, ben como redactor de libros de texto. Na actualidade, exerce de profesor e xefe de estudos no Colexio Fogar de Santa Margarida da Coruña.



Lorenzo Varela no contexto da poesía galega

Pablo Quintá García

Como é ben sabido, o estoupido da Guerra Civil en xullo do 36 fai que Galicia sufra unha grande creba no ámbito social, cultural e político. Moitos intelectuais galegos tiveron que exiliarse para fuxir da cadea ou mesmo da execución. Deste xeito, despois da guerra, a actividade cultural e política só pode ter continuidade nos países da emigración (en México, Venezuela, Cuba e, sobre todo, na Arxentina).

É precisamente neste contexto onde se sitúa o máis importante labor cultural, político e literario de Lorenzo Varela a carón dunha ampla nómina doutros exiliados galegos: Castelao, Blanco Amor, Rafael Dieste, Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Ramón de Valenzuela, Emilio Pita...; labor que se concretou na creación de revistas (*Correo Literario*, *Romance*, *Galicia Emigrante...*) de editoriais (*Emecé*, *Botella al Mar...*) de programas


radiofónicos (*Recordando Galicia*, *Hora once...*), de obras literarias (*Os vellos non deben de namorarse*, *Lonxe*, *Fardel de eisiliado*, *Jacobusland...*) de conferencias, etc.

Agora ben, no propósito de situar a Lorenzo Varela, poeta, nalgún grupo ou xeración de autores, conviría facelo na chamada Xeración do 36 xunto a Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Xosé M^a Álvarez Blázquez, X. M^a Díaz Castro, entre outros, en tanto que responde ós seus trazos definitorios:

- Nado entre 1910 e 1920.
- Sofre o influxo das vangardas galegas ou Xeración do 25.
- Está vitalmente marcado pola guerra.
- Segue tendencias poéticas anteriores: poesía cívica e intimismo.
- Fai de ponte entre a literatura de preguerra e a das novas promocións.



Ademais, abonda con botar unha ollada ós principais autores e tendencias do panorama poético galego, para podermos caracterizar a Lorenzo Varela como un **continuator** da poesía socialrealista iniciada por Curros Enríquez e continuada por Ramón Cabanillas e un **predecesor**, xunto ó seu amigo Luís Seoane, da poesía cívica de Celso Emilio Ferreiro, Méndez Ferrín ou Manuel María.



A súa obra poética galega non é moi extensa, apenas dous libros e uns cantos poemas soltos, mais o seu reducido tamaño non desmerece o seu valor e interese. É a del, dunha parte, a **poesía dos heroes**: María Pita, Roi Xordo, Manuela Sánchez, Manuel Ponte..., cos que rememora o pasado histórico e, doutra, unha **poesía de compromiso** co home galego, con Galicia, unha poesía de rebeldía contra a opresión, unha poesía que reflicte a mágoa do desterro, que evoca

a saudade da terra, que augura un futuro de paz e liberdade.

O primeiro libro en galego, *Catro poemas pra catro grabados*, elaborouno o autor para o álbum de Luís Seoane *María Pita e tres retratos medievales*, impreso pola editorial Resol en 1944. Ós poemas compúxolles música Julián Bautista e foron reeditados pola Editorial Argentina de Música no ano 1951. En cada poema louba a figura dun personaxe mítico-lendario.



No poema “*María Pita*”, lembra a defensora da cidade da Coruña contra o ataque do capitán inglés Francis Drake en 1589. O poeta quere recompensar a heroína pola súa forteza e loita pola defensa da liberdade.

MARÍA PITA

I

*María das batallas,
levareiche unha froil por cada bala;
i unha cunca de leite
arrebuxada en neve
pra che curar a sede.
¡Sede mortal, varona, a desta patria:
queima no teu peito con ardente brasa!
[...]*

No seguinte poema “*María Balteira*” o poeta quere loubar a figura desta famosa *soldadeira* (muller de dubidosa moralidade que acampañaba e divertía os soldados co seu canto e baile) adoito tratada no noso corpus poético medieval.

MARÍA BALTEIRA

*Loubar eu loubara, María Balteira,
túa saia leda,
que a carón da morte, ó vela na danza
semellando pombas redor dun pombal,
facía que aqueles barbudos sorriran.
Aqueles labregos da morte guerreira,
carballos antergos, varós desta terra,
destes pobos todos que chaman España,
desde aqueles tempos que a tallou a espada.
[...]*

O fermoso soneto, “*A Ruy Xordo*”, sitúase temporalmente nas revoltas antiseñoriais do século XV. É unha



RUY XORDO

apoloxía da figura deste xefe irmandiño. O poeta solidarízase cos que morreron coa súa loita por Galicia.

A RUY XORDO

*Aramos sobre os mortos nesta terra
i o noso pan ten un sabor de bosos
familiares, irmáns. O monte berra
baixo do arado, e chámannos os nosos*

*desde a morte con voces conocidas:
“Nin marqueses, nin cregos, nin doutores
fixeron as ribeiras verdecidas
nin o guerreiro coiro dos tambores.*

*Os condados do polvo son dos mortos
e quen queira ser dono desta terra
que veña navegando aos nosos portos.*

*Os que pidan o fruto sin labores,
sin non morren de seu, morran de guerra,
e desta terra, así, serán señores”.*



O BISPO ADAULFO

S. Varela

No último poema, "O touro", descríbese a exposición á furia dun touro bravo por parte do bispo Adaúlfo de Iria para amosar a súa inocencia ante unha acusación de sodomía.

O TOURO

(Na proba do bispo Adaúlfo)

Quén lle dixo ó touro verde
nas ribeiras verdes de Iria
o que non sabía a morte
o que a serpe non sabía?
-Onde vades, feligreses,
que non levades folía.
-Imos ver si a cruz é demo,
si é muller a varonía,
si o que era peito foi lombo

se se trabucóu a vida.
¿Quen lle dixo ó touro verde
segredos de sodomía?
[...]

En 1954 aparece na nova editorial "Botella al Mar", creada por Seoane e Cuadrado, o libro Lonxe, segundo libro de poemas en galego, ilustrado por Luís Seoane. Está composto por dez poemas que xiran fundamentalmente arredor destes núcleos temáticos: a dureza da guerra e da posguerra e a saudade da Terra.

O primeiro maniféstase de dous xeitos diferentes: ben lembrando os momentos da loita cos seus compañeiros durante a guerra como reflicte en "Compañeiros da miña xeneración mortos ou asesiñados",

COMPAÑEIROS DA MIÑA XENERACIÓN
MORTOS OU ASESIÑADOS

¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!

Facíamos un feixe de campos e de estrelas,
e ó pisar ise chao que latexaba
sentíamos subir pola sangue o misterio.
O noso corpo era o camiño da maxia,
a escada pola que viña a lúa,
o zume de todol-os segredos,
a canzón da herba que resucitou.
E o mesmo verme era unha folla leda,
un mensaxeiro do sagrado alén.

Morrébedes, matáronvos, deixáronme.
Quedei eiquí, lonxe das vosas sombras.

E gardo, coma un morto,
no centro do silencio, da sede, da agonía,
o día que vos poda levar á sepultura
unha cesta de pombas e mazás.
¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!



ben evocando a valía dos guerrilleiros galegos dos anos corenta como en “Manuel Ponte” ou “Manuela Sánchez”,

MANUEL PONTE

*Berraron os osos brancos do luar,
os eixos da terra víronos berrar.
Pola túa morte, pol-o pulo teu,
Choraron as serras,*

*choraron os toxos e chorou o pan.
Mais oubo, Manuel, nos albres, na iauga,
na luz das mañás,
na fouce do raio tras de lostregar;
coma un xuramento de homes a xurar:
¡Pola túa morte a loitar, a loitar!
[...]*

MANUELA SÁNCHEZ

*Pomba, ponla, mai, señora,
guía, vara, mai de nós:
Hoxe non quero saber como te chamas
nin perguntar qué foi da túa mocidade.
Hoxe non quero máis que te lembrar de novo
no cume máis antergo das mámoas proteitoras,
ergueita, xurdía, forte, lanzal coma ninguén.*

*E fose coma fose, ti chamaraste ponla,
a mais verde do verde carballo que se vira.
Aguía mortal na guerra, na paz señora pomba,
mai e guía de nós, da nosa vida enteira.
Ti chamaraste ponla, ti chamaraste a vara
mais outa do pombal.
[...]*

O segundo núcleo temático, a saudade da terra, está presente en poemas como “Lonxe” que dá título ó libro, “Emigrante” ou “Lugo”.

LONXE

II

*Dourados peixes, froles amarelas,
lonxe de vós, ¿ónde deixar os osos,
ónde deixar a morte que vos debo?
¿Que queredes de min, que me chamades
e despois vos marchades sen levarme?
¿Onde me agardaredes, compañeiros?
¡Xa veu o tempo de que as froles falen,
xa veu o tempo de que os peixes digan!
[...]*

EMIGRANTE

*¿Quién son eu, quién me trouxo,
quén me ten de levar?
Lonxe quedou o muiño,
tamén lonxe o piñeiral.
¿Quién é o veciño meu,
o polaco que chora ardentes bágoas,
ise loiro rapaz que non vai ó traballo
porque di que o mencer ten veneno de serpe?
¿Quién son eu, quién me trouxo?
¿E quén me levará diste inferno das moedas
ó ceu da caridá?
¡Meu muiño de pan!
¡Meu piñeiral!
¡Meu lar!
[...]*



LUGO

*Na fonte de ferro.
No coiro dos bois,
No espello do vento,
Da navalla e da frol.*

[...]

*Na vida, na morte, no amor e no ren,
Loubaréite, Lugo de aceiro e de mel.*

Moitos dos poemas do autor que non formaron parte dos seus libros foron recompilados por distintos autores. Son poemas de corte intimista-existencial e socialrealista, semellantes tematicamente ós do libro *Lonxe*: a saudade, a emigración, a dureza da guerra e posguerra, a crítica social...

Un destes poemas é o titulado “Eramos tres irmáns”, feito a raíz da falsa noticia da morte por “paseo” de Ramón Piñeiro. Ó coñecer a falsidade da noticia, Luís Seoane, por decisión de Lorenzo, gardou o poema e non se soubo máis del ata que o sacou á





luz moito despois en 1979 como primeiro poema do volume titulado *Homaxes*.

*Eramos tres irmáns,
mariñeiros os tres, cada un no seu mar.
Tiñamos a mesma pel de péxegos novos,
cada un dos tres no seu albre lixeiro,
a navegar pol-as augas do tempo.
Mais fixemos un barco de carballo e piñeiro,
e cada un deixou a súa estrela nas gavias,
pra non ter máis que un mar, un barco, un ceo.*

*Eu era o capitán, ti eral-o santo,
i- o outro irmán maior era o tolo d'abordo,
tolo de terra leda e de luz e d'orvallo.*

*Queimou o barco o demo:
do tolo nada sei,
A ti como eras santo non te rachou o vento,
i-eu lonxe, lonxe, lonxe,
ardendo eiquí, no inferno.
[...]*

Os tres irmáns do poema son Anxel Fole (o tolo), Ramón Piñeiro (o santo) e el mesmo (o capitán). O que houbo de certo é que a guerra sorprendeu a Ramón Piñeiro, dirixindo as “Mocedades Galeguistas” en Lugo e a morte andoulle preto, aínda que, felizmente, librou ben dela.

Outro é o poema “Emigrantes”, que apareceu no ano 1966 no libro *Galicia boy*, da editorial Ruedo Ibérico de Buenos Aires. Nel fai unha crítica aceda á miseria que sofre Galicia e as pésimas consecuencias que provoca na súa xente.



EMIGRANTES

*Centos, miles de galegos
foron a buscar o pan,
fora, lonxe de Galicia,
que perto xa nono hai;
que toda a fariña nosa
non se sabe pra quen vai.
Centos, miles de galegos
empuxados a emigrar
oxe viven coas galiñas
porque outra casa non hai
en París, Ginebra, Hamburgo,
en ningunha capital.
Nun galiñeiro d'Europa,
Galicia, tes o teu Lar.
[...]*



Outro grupo de poemas soltos do autor fórmano semblanzas de distintos pintores, escultores, escritores... Un deles é o soneto a “Castelao” feito para o libro *Castelao na voz dos poetas*, publicado por Edicións do Castro en 1969. No poema agroma un nacionalismo radical, lembra a Castelao como símbolo humano da Patria e augura unha Galicia libre e sen cadeas.

CASTELAO

*Cando cheguen os tempos non chegados
cando canten as mans traballadoras
nas doídas manceiras dos arados
e nas salgadas redes pescadoras.*

*Galicia ceibe tallará o teu nome
nas outuras do Pórtico da Groria*





*pra que falen os anxos con un home
que leva a patria enteira na memoria.*

*Unha nova Galicia sen cadea,
que non esportará mais sangue humán
nin asoballará unha man allea:*

*Unha Galicia nova, a de mañán,
que xa ven alborando, xa clarea,
no peito arrollará teu soño irmán.*

No libro *Galicia boy y el resto del mundo*, apareceu publicado no 1987 por Isaac Díaz Pardo, un poema, manuscrito de Lorenzo Varela e transcrito integramente, titulado: "Iste é o Cristo da liberdade". O propio Díaz Pardo manifestaba sobre o citado poema: "O poema foi recollido por min entre os papeis deixados polo autor na miña casa tras a súa morte. E unha confesión do poeta, el é o mártir, el desexa morrer para seguir vivindo. Probablemente sexa o derradeiro poema feito por Lorenzo".

*Iste é o Cristo da libertade:
mátano pra que morra,
e il morre pra resucitar.
Iste é o Cristo do pan e do viño
da luz e dos peixes,
do amor,
do traballo,
da loita e da paz.
[...]*

Morto o poeta, practicamente a totalidade da súa poesía galega, tanto os libros coma os poemas soltos, foi recompilada polos seus entrañables amigos, Rafael Dieste e Luís Seoane en dous volumes:

Homaxes, Edición e limiar de L. Seoane, Ediciós do Castro, A Coruña, 1979.

Poesía. Torres de Amor. Catro poemas pra catro grabados, Lonxe. Homenaje a Picasso, Edición e limiar de Rafael Dieste, Ediciós do Castro, Sada, 1979.

